



UNIÓN EUROPEA



Concello de Portomarín

## CONTRATO DE OBRA



En Portomarín a 16 de setembro de dous mil dezanove

### COMPARECEN

Dunha parte D. Juan Carlos Serrano López, Alcalde-Presidente do Concello de Portomarín, provincia de Lugo, exceptuado de apuntar as súas circunstancias persoais por comparecer por razón do cargo que ocupa, facultado para este acto en virtude das competencias que a vixente lexislación atribúelle.

Doutra parte, como ADXUDICATARIO, Don Manuel Novoa Castro con DNI: 33.542.571S, en nome e representación da empresa MANUEL NOVOA CASTRO S.L.U. con CIF nº B27429653 con domicilio a efectos de notificacións en Parcela I48 Pque Empresarial de Monterroso, 27560 Monterroso, Lugo, correo electrónico [administracion@manuelnovoacastro.com](mailto:administracion@manuelnovoacastro.com)

Ambas as partes recoñécense plena capacidade e competencia para formalizar o presente contrato.

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

PRIMEIRO: O expediente de contratación da obra do PROXECTO DE RENOVACIÓN DE INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN PORTOMARIN (II) LAMAS – LEÓN – NARÓN – SAN ROQUE – LOUSADA – MARIZ – VIGO/A CASANOVA– SABEDELLE – SEIXÓN – SAN MAMEDE – VILARIÑO DE BATÁN – SOENGAS DEABAIXO – CASTROLÁZARO – SAN MARTIÑO DE BEDRO – VILAPROI – Unif. OS CASÁS/ESCRITA/A FROCELA/EIREXE/GAI – O VILAR redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Alfonso Fernández Losada cun orzamento total de 134.587,45 € dos que corresponde 23.358,15 € de IVE. actuación cofinanciada pola UNIÓN EUROPEA a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), incluído o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cuxa copia se une a este contrato, foi aprobado por Acordo de Xunta de Goberno de data 11



UNIÓN EUROPEA



**Concello de Portomarín**



de abril de 2019, dispoñendo, ademais, a apertura do procedemento aberto con varios criterios de adxudicación da citada obra.

SEGUNDO: O gasto está fiscalizado pola Intervención desta Entidade, con cargo á aplicación orzamentaria 454.619, sendo aprobado o gasto ao aprobar o expediente de contratación.

TERCEIRO: O anuncio da licitación foi publicado na Plataforma de contratación e no perfil do contratante da paxina web do Concello.

CUARTO: A adxudicación deste contrato foi acordada por Acordo de Xunta de Goberno de data 05-09-2019 cuxa copia se une a este contrato, publicándose a mesma no Perfil de Contratante. Por iso, os comparecentes proceden a outorgar o presente contrato administrativo de obras, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS PRIMEIRA: O contratista comprométese a levar a cabo o obxecto do contrato consistente na execución da obra PROXECTO DE RENOVACIÓN DE INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN PORTOMARIN (II) LAMAS – LEÓN – NARÓN – SAN ROQUE – LOUSADA – MARIZ – VIGO/A CASANOVA– SABEDELLE – SEIXÓN – SAN MAMEDE – VILARIÑO DE BATÁN – SOENGAS DEABAIXO – CASTROLÁZARO – SAN MARTIÑO DE BEDRO – VILAPROI – Unif. OS CASÁS/ESCRITA/A FROCELA/EIREXE/GAI – O VILAR redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Alfonso Fernández Losada por un importe de 106.324,09 € (IVA incluído) con estrica suxeición ao proxecto de execución, prego de cláusulas que rexe e a contratación e melloras ofertadas, sendo o prazo de execución da obra 2 meses e o prazo de garantía das mesmas de 10 anos sendo as melloras a realizar as seguintes:

REPOSICIÓN DE LUMINARIAS DEBIDA A AVERÍAS QUE NO CUBRE LA GARANTÍA (20% en todo el período de garantía)

31 ud 161,00 €/ud + IVA LUMINARIA TIPO 1



UNIÓN EUROPEA



Concello de Portomarín

26 ud 224,00 €/ud + IVA LUMINARIA TIPO 2

### RENOVACIÓN DE CABLEADO AÉREO

3.810 ml de cableado aéreo, en zonas en las que se considere conveniente.



Aceptando incondicionalmente e sen reserva algunha estes documentos que se consideran parte integrante deste contrato, deixando constancia diso coa firma dunha copia do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Así mesmo a empresa adxudicataria, sométese á regulación establecida na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público en canto estea vixente, e comprométese expresamente a cumprir o disposto na vixente Lexislación Laboral e de Seguridade Social e de forma especial todo o referente á prevención de riscos laborais nos termos previstos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; en concreto, en cumprimento do artigo 19.1 deste Real Decreto 1627/1997, o contratista deberá comunicar á autoridade laboral a apertura do centro de traballo, antes de comezar os traballos, incluíndo o plan de seguridade e saúde na devandita comunicación. Igualmente o contratista comprométese a cumprir, en relación coas obras obxecto de contratación todas as obrigacións que o Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos Residuos de construción e demolición, imponlle en canto posuidor de residuos de construción e demolición.

SEGUNDA: O prezo do contrato é de 106.324,09 € (IVA incluído), que serán abonados por este Concello mediante certificacións de obra, de conformidade co Prego que rexe o mesmo.

TERCEIRA: O prazo de execución das obras é de dous meses contado dende o día seguinte á firma do acta de comprobación de reformulo sendo a data máxima de execución das obras a estipulada na resolución de concesión da axuda en cuestión, de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.



UNIÓN EUROPEA



Concello de Portomarín



CUARTA: Se o adxudicatario, por causas imputables ao mesmo, incorrese en mora na execución do contrato, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición das penalidades previstas na Lei de Contratos do Sector Público. O pago das penalidades non exclúe a indemnización de danos e prexuízos que poida esixirse ao contratista conforme á lexislación vixente.

QUINTA: Conforme establece o Prego o presente contrato non está suxeito a revisión de prezos.

SEXTA: O prazo de garantía é de cinco anos mais o ofertado por o licitador, contado desde o día seguinte ao da firma do acta de recepción.


Lido o presente contrato e os documentos a el unidos, asínase polas partes en duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

O Alcalde,



Juan Carlos Serrano  
López

O Contratista



D. Manuel Novoa  
Castro